

# SHOES

Lois Weber, 1916

# 1090

ESTREA EN NUMAX: 04.04.2023 | V.O.S.G. | TP | 50 min

Shoes (1916) é un drama de cinema mudo dirixido por Lois Weber, unha das directoras máis salientables da historia do cinema. Traballou para a Universal, estudos nos que gozaba de gran respecto, e dirixiu máis de sesenta longametraxes, nas que destaca a súa valentía á hora de abordar asuntos como a pena de morte, o aborto, a prostitución ou a emancipación da muller, temas tabú na súa época.

Shoes está protagonizado por Mary MacLaren, que encarna a Eva Mayer, unha muller nova que traballa nun establecemento comercial para sustentar a súa familia e que accede a ter relacións sexuais cun home para poder mercar uns zapatos.



## Lois Weber, a feminista do cinema silente

Eva Meyer é unha pobre dependenta nunha tenda de todo a cen. É a única asalariada de tres irmás menores, unha nai que loita por manter todo unido e un pai que prefire a cervexa e as *penny dreadfuls* ao traballo. Cada semana, Eva regresa ao ao seu piso de auga fría e entrega obedientemente os seus escasos ingresos a súa nai. Pero o seu salario apenas dá para a comida e non pode vestirse decentemente. Só pode remendar os buratos das solas dos zapatos con cartón, polo que a súa vida se volve máis e máis dura con cada día de chuva e cada pegón. Cunha dor constante e sen ningunha esperanza, a desanimada moza considera as insinuacións de Charlie, un canalla con intencións claramente pouco honrosas.

Así comeza *Shoes* de Lois Weber, quizais a súa gran obra mestra e un dos grandes filmes feministas da historia do cinema. Cando na prensa se informa sobre a escaseza actual de directoras, sempre se menciona a Lois Weber, a directora de máis éxito no seu tempo e unha gran influencia do cinema silente. Dirixiu e escribiu moitos filmes rompedores -dramas que combinaban a crítica social e política con conmovedoras narracións persoais- pero debido a que os seus filmes estiveron durante moito tempo inaccesibles e outros se proxectaron mal, a reputación de Weber acabou no vertedreiro da historia. Xunto a recente publicación de *Lois Weber in Early Hollywood* de Shelley Stamp na University of California Press, Milestone está traballando para reintegrar a Weber no panteón dos grandes cineastas.

Weber adaptou o seu guión de *Shoes* a partir dun relato de Stella Wynne Herron publicado na revista *Collier*, no número do 1 de xaneiro de 1916. Herron inspirouse no libro *A New Conscience and an Ancient Evil* (1912) co que a pioneira do traballo social Jane Addams abordou a cuestión da prostitución. Herron citou no seu epígrafe: “Cando os zapatos estiveron demasiado gastados para soportar unha terceira sola e non tiña máis que 90 centavos para un par novo, abandonou a loita. Por usar a súa propia frase despectiva: vendeuse por un par de zapatos novos”.

Weber tece unha historia maravillosamente sinxela cunha técnica moi celebrada na Italia posterior á Segunda Guerra Mundial, o Neorrealismo. Ao rodar exteriores n’Os Ánxeles e ao recrear meticulosamente o interior da tenda de todo a cen, Weber creou unha sensación de documental da vida dunha rapaza nova sen parangón en ningún filme da época. O descubrimento da directora, a actriz Mary MacLaren de dezaseis anos é a personificación da inocencia xuvenil e dun cansazo do mundo demasiado prematuro. Como *Hindle Wakes*, a obra de teatro inglesa de 1912, *Shoes* é unha alegación a favor da igualdade da muller (o sufraxio feminino aínda era un obxectivo político moi disputado en ambos países), Pero onde unha celebraba o dereito da muller á liberdade sexual, o filme de Weber retrata a realidade e a traxedia dunha dependenta na sociedade moderna.

Para a restauración de *Shoes* levada a cabo polo Eye Filmmuseum de Ámsterdam usouse unha copia holandesa en nitrato e unha reedición “cómica” estadounidense do filme chamada *Unshod Maiden*. Grazas ao descubrimento no 2016 do guión orixinal e dos intertítulos nos arquivos de microfilmes de 16 mm de NBC/Universal, a edición de Milestone reflicte máis fielmente a versión orixinal.



Na librería  
NUMAX  
[numax.org/librería](http://numax.org/librería)

*El Borrón,*  
Lois Weber.  
Llamentol [DVD]